



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**



BASES DO CERTAME DE MICRO-RELATOS CONVOCADO POR PUNTOGAL E A REAL ACADEMIA GALEGA

1. ORGANIZACIÓN E OBXECTO DA PROMOCIÓN

A ASOCIACIÓN PUNTOGAL (en diante PuntoGal) e A REAL ACADEMIA GALEGA (en diante RAG), domiciliadas na Coruña, rúa Tabernas 11, organizan conxuntamente un certame de micro-relatos de ámbito internacional no que pode participar calquera persoa que envíe a súa creación seguindo as presentes bases.

2. ÁMBITO TERRITORIAL

Poderá participar calquera persoa maior de idade (ou menor se a representa un adulto) dende calquera país do mundo.

No caso de menores de idade deberán acompañar o micro-relato dunha autorización dos pais, nais ou titores legais.

3. DURACIÓN

O prazo para a presentación de textos estará aberto desde o xoves 1 de febreiro ata o mércores 28 de febreiro de 2018, ambos incluídos. A decisión do xurado darase a coñecer nos seguintes 15 días hábiles despois da finalización do prazo de presentación (segunda semana de marzo).

O xurado estará formado por tres membros da RAG, dous membros de PuntoGal e unha xornalista da revista *Luzes*.

4. PREMIOS

1. Primeiro premio: un Ipad Wifi de 128Gb ou modelo similar, unha cámara goPro Hero 5 Session ou modelo similar, un lote de libros, un dominio gratuito .gal durante un ano e *merchandising* de PuntoGal.

2. Segundo premio: un Kindle 6wifi negro ou modelo similar, un disco duro externo portátil de 1Tb ou modelo similar, un lote de libros, un dominio gratuito .gal durante un ano e *merchandising* de PuntoGal.

3. Terceiro premio (poderá haber ata 3): un lote de libros, un dominio gratuito .gal durante un ano e *merchandising* de PuntoGal.

Os dous primeiros premios inclúen tamén unha subscripción dixital e unha colección dos mellores números da revista *Luzes*, revista que colabora no certame coa publicación dos relatos gañadores.

O dominio gratuito entregarase cun código desconto que se poderá permutar nun rexistrador indicado por Puntogal.

O merchandising de PuntoGal inclúe material coma camisetas, bolsas, adhesivos, chapas e cadernos.

A organización reserva o dereito a cambiar o premio da promoción por outro de igual ou superior valor cando concorran causas xustificadas.

Dominio PuntoGal

Apartado de Correos 55
15780 Santiago de Compostela. A Coruña
prensa@dominio.gal | www.dominio.gal
(34) 670226268



REAL
ACADEMIA
GALEGA



En ningún caso se poderá substituír o premio polo seu valor económico nin poderá cederse a outra persoa distinta da gañadora.

Os modelos e as características concretas dos dispositivos que forman parte dos distintos premios poden consultarse na web www.asociacion.gal.

A organización reserva o dereito a declarar o premio deserto se así o estimase. A decisión do xurado é inapelable.

5. FORMA DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DO CERTAME

Optarán ós premios as persoas que cumpran os seguintes requisitos: ter presentado un micro-relato dun máximo de 200 palabras en galego, de tema libre, antes do día 28 de febreiro ás 23:59 horas. O relato pode ir acompañado de imaxes, ligazóns ou vídeos.

Os relatos enviaranse por correo electrónico a comunicacion@academia.gal. O texto deberá ir acompañado dos datos do autor: nome e apelidos, DNI, enderezo, correo electrónico e teléfono. En caso de menores de idade, tamén irá acompañado dunha autorización asinada polos pais, nais ou titores legais cos seus datos correspondentes. Os relatos recibidos sen identificación ou con identificación incompleta quedarán automaticamente eliminados do concurso.

O xurado reserva para si o dereito a non admitir aqueles micro-relatos que atenten contra os dereitos á intimidade, a honra e a propia imaxe de terceiros ou que conteñan, a modo enunciativo pero non limitativo, connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias, comentarios obscenos, difamatorios ou calquera outros que atenten contra a dignidade e/ou a orde pública.

Os relatos deben ser orixinais en todas as partes que os compoñan e libre de cargas de propiedade intelectual. No caso de incorporar parcialmente obras alleas, o autor obrígase a declarar que conta con todos os permisos e autorizacións oportunas e por escrito, liberando a organización de calquera consecuencia ou acción legal derivada dunha mala praxe neste ámbito.

6 PUBLICACIÓN

A organización do certame publicará os micro-relatos gañadores nas súas páxinas webs e nas redes sociais. Igualmente, poderá publicar a totalidade dos micro-relatos recibidos co obxectivo de amosar o traballo creativo dos participantes.

Unha escolma dos micro-relatos presentados publicarase na edición impresa da revista *Luzes* e na súa páxina web, identificando os autores ou autoras con nome e apelidos e a orixe dos textos pertencentes a este certame de micro-relatos.

Coa participación no certame, os/as autores/as autorizan a organización do certame, sen contraprestación ningunha e de maneira expresa, a reproducir (total ou parcialmente), comunicar publicamente (total ou parcialmente) e distribuír (total ou parcialmente) os seus micro-relatos en calquera forma ou soporte *online* e *offline*, para todo o mundo e no prazo que autorice a lexislación vixente. A organización respectará, en todo caso, os dereitos morais que os/as autores/as posúan sobre as súas obras.



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**



7. RESOLUCIÓN E ENTREGA DO PREMIO

Anunciarase quen son as persoas gañadoras na segunda semana de marzo, despois da análise e deliberación do xurado. Os membros do xurado votarán sobre os orixinais recibidos, e as resolucións adoptaranse por maioría de votos.

A organización contactará directamente coas persoas gañadoras e publicará a resolución do xurado a través dunha nota de prensa que se incorporará nas páxinas web e nas redes sociais das entidades organizadoras.

A organización remitirá por correo postal certificado os premios ás persoas gañadoras nun prazo máximo de 30 días laborables dende a publicación da decisión do xurado. Os premiados deberán facilitar previamente unha copia do seu DNI para verificar os datos.

8. CONDICIÓN E RESERVAS

Ó respecto de cuestións non incorporadas nestas bases, que se interpretarán no seu conxunto, rexerá a normativa legal dispositiva que sexa de aplicación, incluíndo a normativa de propiedade intelectual, integrándose os baleiros ou dúbidas conforme a boa fe, usos comerciais e técnicos que resulten axeitados, e principios xerais do Dereito. Os autores e autoras que non cumpran algunha das presentes bases poderán ser excluídos do certame. A organización do certame ten a capacidade de decidir sobre a interpretación das bases en última instancia ou sobre a súa modificación en caso de erro.

9. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

En cumprimento do previsto na Ley Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal (“LOPD”) e o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, os datos dos participantes serán incorporados a un ficheiro responsabilidade de PuntoGal, coa única finalidade de xestionar os premios desta promoción e de contactar coas persoas gañadoras para enviarlles os premios. En ningún momento se empregará esta información para posteriores promocións.

Os autores e autoras poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación mediante escrito ao correo electrónico info@dominio.gal ou á Dirección Xeral PuntoGal, apartado de correos 55, 15.780 - Santiago de Compostela.

PuntoGal comprométese a tratar en todo momento os seus datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.

10. LITIXIOS

A lexislación aplicable ás presentes bases é a española. As persoas participantes, con renuncia expresa de calquera outro Foro que puidese corresponderlles, sométense á xurisdición dos xulgados e tribunais da Coruña.

Dominio PuntoGal

Apartado de Correos 55
15780 Santiago de Compostela. A Coruña
prensa@dominio.gal www.dominio.gal
(34) 670226268